



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES

DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a **convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes **normas**:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/ 1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a CINCO PROFESORES dun total de SETE que debe ter o Consello Escolar.
- 2.- O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios do vestíbulo. As **reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 12 de novembro.**
- 3.- As **candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 3 de novembro de 2021 ata as 14'00 horas do día 12 de novembro.**
- 4.- A **mesa electoral** estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e DOUS PROFESORES, actuando o de menor idade como secretario. O **sorteo dos membros da mesa electoral realizarase o día 15 de novembro ás 11:20 horas na Biblioteca do Centro.**
- 5.- A **campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 24 de novembro, ambos días inclusive.** As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición á presidenta da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 25 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Cada profesorado fará constar na papeleta das eleccións un **máximo de TRES** da lista de candidatos/as.
- 7.- **As votacións realizaranse neste IES o día 26 de novembro, ás 11:20 en claustro extraordinario. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 11:10 horas.**
- 8.- **O voto será directo, segredo e non delegado.**
- 9.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.



10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

Verín, 2 de novembro de 2021

A DIRECTORA DO CENTRO E PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo. María Soledad Gómez Cerradelo